



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Anuncio nomeamento funcionaria interina por programas dun Técnico/a de Igualdade de Xénero para a avaliación, elaboración e implantación do Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Touro

EXPEDIENTE 2024/E001/000004. Proceso de selección dun funcionario/a interino/a por programas dun Técnico/a de Igualdade de Xénero para a avaliación, elaboración e implantación do Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Touro.

Anuncio nomeamento funcionaria interina por programas.

Por Resolución de Alcaldía núm. 158/2024 de data 7 de maio de 2024 resolveuse:

PRIMEIRO. Nomear a Xiomara Erlinda Lazo Fuentes con D.N.I. ***5643** funcionaria interina por programas de carácter temporal como Técnica de Igualdade de Xénero para o desenvolvemento e execución do programa (avaliación, elaboración e implantación do Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Touro) que en todo caso non poderá superar tres anos.

SEGUNDO. Formar a seguinte listaxe (bolsa de traballo), por orde decrecente de puntuación:

Beatriz Yáñez Rouco con D.N.I. ***3753**

TERCEIRO. Notificar a presente resolución á interesada, a cal deberá tomar posesión dentro do prazo máximo de tres días hábiles, contado desde a data de notificación.

CUARTO. Publicar no BOP e no taboleiro de edictos electrónico do Concello co réxime de recursos que proceda a presente resolución.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, perante a xurisdición Contencioso-Administrativa segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa ou, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición perante o alcalde presidente do Concello de Touro no prazo dun mes, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Touro 7 de maio de 2024.

O Alcalde

Roberto Castro Rocamonde

2024/3095